

DIXITALIZACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN DAS RELACIÓNS DE TRABALLO: O TELETRABALLO TRANSNACIONAL E INTERNACIONAL

LIDIA DE LA IGLESIA AZA
Avogada. Doutora en Dereito pola USC e
Profesora de Dereito
Universidade Internacional de la Rioja (España)
ldelaiglesiaaza@gmail.com

RESUMO

O teletraballo é o sistema de traballo polo que se prestan servizos retribuídos e por conta allea no lugar elixido polo traballador. Cando a este sistema engádeselle un elemento internacional, pasa a denominarse traballo transnacional. Este elemento internacional require que se realice a determinación da lexislación, o foro e o sistema de seguridade social aplicable a estes traballadores.

Palabras chave: teletraballo; transnacional; foro.

RESUMEN

El teletrabajo estudiado en este artículo es el sistema de trabajo por el que se prestan servicios retribuidos y por cuenta ajena en el lugar elegido por el trabajador. Cuando a este sistema se le añade un elemento internacional, pasa a denominarse trabajo transnacional. Este elemento internacional requiere que se realice la determinación de la legislación, el fuero y el sistema de seguridad social aplicable a estos trabajadores.

Palabras clave: teletrabajo; transnacional; fuero.

ABSTRACT

Teleworking is the work system by which paid services are provided and paid for by others in the place chosen by the worker. When an international element is added to this system, it is called transnational work. This international element requires that the legislation, jurisdiction and social security system applicable to these workers be determined.

Keywords: teleworking; transnational; jurisdiction.

SUMARIO

1.-INTRODUCCIÓN.; 2.-RÉXIME NORMATIVO.; 3.-ESPECIAL REFERENCIA Á TRANSNACIONALIDADE E OS SEUS PROBLEMAS ASOCIADOS: 3.1.- LEI APLICABLE AO CONTRATO DE TRABALLO TRANSNACIONAL.; 3.2.- SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL.; 3.3.-FORO XUDICIAL.; 3.4.-TRIBUTACIÓN.; 4.-A LEI DE STARTUPS.; 4.1.-VISADOS.; 5.-CONCLUSIÓN.

1.INTRODUCCIÓN

Resulta indubidable que no século XXI desenvolveuse a Revolución Dixital¹ que comezou no século XX, e, igual que a Revolución Industrial durante os séculos XVIII e XIX cambiou as formas de organización do traballo, esta nova revolución está a modificar os sistemas de prestación de servizos por conta allea². E, entre as moitas innovacións xurdidas, o teletraballo destaca pola alteración dun dos presupostos tradicionais do traballo por conta allea, a localización da prestación de servizos na empresa ou no lugar decidido polo empresario.

Para abordar a situación tanto fáctica como xurídica do teletraballo é necesario comezar coa propia definición do concepto, que resultou discutida pola doutrina. Así, dende a inicial denominación de "telecommuting" efectuada por Jack

¹ BECKOUCHE, P. "A révolution numérique est-elle un tournant anthropologique?", en Le Debat, núm. 193, 2017, páxs. 153-166.

² TOTA, L.; PEREIRA, L. e CURIEL, D., "TIC Tecnologías de información y Comunicación en la Cuarta Revolución Industrial 4.0", Télématique: Revista Electrónica de Estudios Telemáticos, Vol. 19, nº. 1, 2020, páxs. 3-14.

Nilles en 1973³, ás definicións das obras previas á pandemia da Covid-19⁴, pasando polas múltiples xurdidias con posterioridade á obrigada xeneralización⁵ deste sistema de traballo, o concepto de teletraballo non é unánime na literatura.

En todo caso a definición maioritaria, seguindo a Martín-Pozuelo López⁶ e as súas referencias, establece que é a forma de organización e/ou execución do traballo que supón a prestación habitual de servizos a distancia, isto é, fóra dos locais empresariais, mediante o uso intensivo das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Definición con moitos puntos en común coa doutros autores como Pérez de los Cobos⁷ ou Thibault Aranda⁸.

De forma máis completa definiuse por Gray e outros⁹ como *"unha forma flexible de organización do traballo, que consiste no desempeño da actividade profesional sen a presenza física do traballador na empresa durante unha parte importante do seu horario laboral. (...) A actividade profesional no teletraballo implica o uso frecuente de métodos de procesamento electrónico de información, e o uso*

³ NILLES, J., *The telecommunications-transportation tradoff. Options for tomorrow and today*, Jala International, 1973.

⁴ A título exemplificativo, CARRASCO PÉREZ, R. e SALINAS LEANDRO, J.M., *Teletrabajo*, Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente, España, 1994, páxs. 13 y 27; CARRASCO GUTIÉRREZ, J.A., "El teletrabajo como nueva opción", *Estudios Financieros: Revista de Trabajo y Seguridad Social*, núm. 177, 1997, páxs. 121-158; PÉREZ DE LOS COBOS, F. e THIBAUT ARANDA, J., *El Teletrabajo en España. Perspectiva jurídico laboral*, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Madrid, 2001.

⁵ Novamente só a efectos ilustrativos, SALA FRANCO, T. (Coord) *El Teletrabajo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2020; SANGUINETI RAYMOND, W., "La noción jurídica del teletrabajo y el teletrabajo realmente existente", *Trabajo y Derecho*, nº 72, dic 2020, versión electrónica.

⁶ MARTÍN-POZUELO LÓPEZ, A., *El teletrabajo transnacional en la Unión Europea. Competencia internacional y ley aplicable*, Tirant lo Blanch laboral, 273, Valencia 2022, pág. 24.

⁷ PÉREZ DE LOS COBOS Y ORIHUEL, F. (2005): "La subordinación jurídica frente a la innovación tecnológica", en *Relaciones Laborales*, nº 10, páxs. 1.315-1.338.

⁸ THIBAUT ARANDA, J., *El teletrabajo. Análisis jurídico-laboral*, CES colección estudios, 2001, pág. 32.

⁹ GRAY, M.; HODSON, N.; GORDON, G. y otros, *El Teletrabajo*. Ed. BT Telecomunicaciones, ECTF y Fundación Universidad Empresa, Madrid, 1995, pág. 5.

permanente dalgún medio de telecomunicación para o contacto entre o traballador e a empresa".

Estas definicións teñen en común os elementos básicos que delimitan o concepto: actividade profesional remunerada prestada por conta allea; realizada con descentralización do lugar de traballo; caracterizada polos medios e a tecnoloxía utilizada para a prestación dos servizos e cunha certa atenuación do vínculo de subordinación naqueles postos de traballo cuxo desempeño esixe unha maior cualificación e especialización do traballador¹⁰.

De todo iso se deriva que é un xénero propio dentro do traballo a distancia, caracterizado pola aplicación intensa das novas tecnoloxías da información, comunicación e telecomunicación¹¹, ao tratarse *"dun traballo no que as TIC son fundamentais, non só como soporte da actividade do traballador (algo que ocorre na maioría dos traballos), senón que son estas as que fan posible o desprazamento do traballador fóra da empresa"*¹².

En canto á atenuación do vínculo de subordinación, este sistema de prestación de servizos obriga a un cambio na forma de valorar a subordinación, así, en palabras de Sanguinetti, *"o que a emerxencia destes fenómenos pon en cuestión é o sistema de indicios utilizado ata o momento para determinar a presenza da subordinación (asistencia ao centro de traballo, cumprimento de horarios, control directo e constante)"*¹³. Desta forma, xorden sistemas de vixilancia e control a distancia, que mesmo poden dar lugar a un incremento da suxeición do traballador ás ordes empresariais¹⁴.

¹⁰ THIBAUT ARANDA, J., *El teletrabajo. Análisis jurídico laboral*, Madrid, 2000, Consejo Económico y Social, páx. 18.

¹¹ GODINO REYES, M., *La nueva regulación del trabajo a distancia y el teletrabajo*, Sagardoy Francis Lefebvre, 2020, páxs. 16 e 17.

¹² ZALBIDE BESALDONE, A., "El teletrabajo transnacional: una aproximación desde el concepto de actividad turística", *International Journal of information systems and tourism*, 2017, nº 2.2, páx. 55.

¹³ SANGUINETI RAYMOND, W., "El teletrabajo: notas sobre su calificación y régimen jurídico", *Foro Jurídico*, 2007, nº 7, páx. 151.

¹⁴ DE CASTRO MEJUTO, L.F., "La tecnología en las relaciones laborales y el poder del empleador", *Dereito*, 2022, vol. 31, nº 2, páxs. 1 a 11.

En todo caso, para que sigan concorrendo as notas definitorias do traballo por conta allea establecidas no art. 1.1. do Estatuto dos traballadores¹⁵, tense que acreditar que, con independencia da deslocalización, mantense un poder de disposición do empresario sobre a actividade laboral do teletraballador.

2. RÉXIME NORMATIVO

No achegamento á normativa reguladora deste sistema de traballo, podemos atopar as primeiras referencias ao traballo a distancia, precursor do teletraballo, no art. 1 do Convenio nº 26 da OIT sobre os métodos de fixación dos salarios mínimos (1928)¹⁶; nos art. 6 a) e i) do Convenio nº 97 sobre os traballadores migrantes (1949)¹⁷; nos artigos 1 e 7 do Convenio nº 103 de protección á maternidade (1952)¹⁸; no apartado VIII, punto 34 da Recomendación nº 99 sobre adaptación e readaptación profesionais dos inválidos (1955)¹⁹; e no apartado IV punto 21.1 da Recomendación nº 165 sobre os traballadores con responsabilidades familiares (1981)²⁰. Pero todas elas teñen en común ser aproximacións moi parciais a este fenómeno²¹.

Así, unha regulación completa non a atopamos ata o Convenio 177 da OIT²², que entrará en vigor en España o 25 de maio de 2023. Esta norma, aínda que non fai referencia expresa ao teletraballo, si define o traballo a domicilio no seu

¹⁵ Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. BOE/BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015, páxs. 100224 a 100308.

¹⁶https://www.ilo.org/dyn/normlex/es/f?p=NORMLEXPUB:12100:0::NON::P12100_ILO_CODE:C026

¹⁷https://www.ilo.org/dyn/normlex/es/f?p=NORMLEXPUB:12100:0::NON::P12100_INSTRUMENT_IDE:312242

¹⁸https://www.ilo.org/dyn/normlex/es/f?p=NORMLEXPUB:12100:0::NON::P12100_ILO_CODE:C103

¹⁹http://www.oit.org/dyn/normlex/es/f?p=NORMLEXPUB:12100:0::NON::P12100_INSTRUMENT_IDE:312437

²⁰https://www.ilo.org/dyn/normlex/es/f?p=NORMLEXPUB:12100:0::NON::P12100_ILO_CODE:R165

²¹ MANEIRO VÁZQUEZ, Y., "Los Convenios de la OIT en el Derecho Español", Revista del Ministerio de empleo y Seguridad Social, 2015, nº 117, páxs. 261 a 269.

²²https://www.ilo.org/dyn/normlex/es/f?p=NORMLEXPUB:12100:0::NON::P12100_ILO_CODE:C177

artigo 1.1.a) como aquel no que, coexistindo as notas identificativas da relación por conta allea, se engade un elemento xeográfico, que a prestación de servizos se realice no domicilio do traballador ou noutros locais que este escolla, distintos dos locais de traballo do empregador.

No apartado b) deste mesmo artigo exclúense os supostos nos que *“esa persoa teña o grao de autonomía e de independencia económica necesario para ser considerada como traballador independente en virtude da lexislación nacional ou de decisións xudiciais”*.

Posteriormente, a Recomendación 184 da OIT sobre o traballo a domicilio²³ precisou os dereitos inherentes a este sistema de traballo²⁴, pero sen especial transcendencia en canto á propia definición.

Tempo despois, a OIT, na súa nota técnica do 22 de xullo de 2020²⁵, entendeu o teletraballo como *“unha subcategoría do concepto máis amplo de “traballo a distancia”, que engloba aos traballadores que utilizan tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ou teléfonos fixos para desempeñar o traballo remotamente”*.

No marco da Unión Europea, xa no Libro Verde da Comisión Europea sobre «Cooperación para unha nova organización do traballo», do 16 de abril de 1997²⁶ aludíase ás implicacións sociais do traballo transfronteirizo e á “cuestión do teletraballo transnacional”. Recoñecía-se neste instrumento, apartados 75 a 80, a dimensión transnacional das tecnoloxías da información e das comunicacións como elemento a valorar para a elaboración dunha futura disciplina comunitaria. Nun sentido parecido, a moi posterior Resolución do Parlamento

²³ https://www.ilo.org/dyn/normlex/es/f?p=NORMLEXPUB:12100:0::NON:12100:P12100_INSTRUMENT_IDE:312522:NON

²⁴ FERNANDEZ PROL, F.; “Teletrabajo internacional: transnacional y móvil (o nomadismo digital internacional)”, Revista del Ministerio de Trabajo y Economía Social, nº 154, 2022, páx. 104.

²⁵ “COVID-19: Orientaciones para la recolección de estadísticas del trabajo. Definición y medición del trabajo a distancia, el teletrabajo, el trabajo a domicilio y el trabajo basado en el domicilio” Descargable en: https://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---dgreports/---stat/documents/publication/wcms_758333.pdf, páx. 7.

²⁶ <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/É/TXT/PDF/?uri=CELEX:51997DC0128>

Europeo do 15 de xuño de 2017²⁷ sobre unha Axenda Europea para a economía colaborativa, destacaba a importancia do teletraballo, defendendo *“a necesidade de equiparar estas modalidades laborais coas tradicionais”*.

Aínda que non realiza unha análise excesivamente profunda, a regulación pasa tamén pola Directiva (UE) 2019/1152²⁸, debido a que o seu considerando 15 fai referencia ás formas de traballo atípicas, determinando a submisión destas relacións de traballo específicas ás disposicións mínimas en materia de dereitos laborais. E iso en desenvolvemento do principio nº 5 do pilar europeo de dereitos sociais (Gotemburgo 17 de novembro de 2017).

No ano 2000 Eurofound, no seu informe *“The Social Implications of Teleworking”*²⁹, recoñecía que o teletraballo non era categoría legal para os países da Unión Europea, e en canto á definición, sinalaba que *“o teletraballo é un acordo de traballo no que o traballo se realiza fóra das instalacións do empregador por medio de tecnoloxías da información e a comunicación (TIC). Os trazos característicos do teletraballo son o uso de ordenadores e telecomunicacións para cambiar o lugar habitual de traballo, a frecuencia coa que o traballador está a traballar fóra das instalacións do empregador e a cantidade de lugares onde os traballadores traballan a distancia (mobilidade)”*.

No ano 2001 os interlocutores sociais europeos (CES, UNICE-UEAPME e CEEP) inician negociacións orientadas a alcanzar un acordo para a aplicación do teletraballo nos Estados membros e nos países do Espazo Económico Europeo.

Neste mesmo ámbito negocial, ao amparo da declaración conxunta do Cume de Lisboa, acordáronse con anterioridade unha serie de directrices de carácter sectorial sobre o

²⁷https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/ta-8-2017-0271_E.html

²⁸ Directiva (UE) 2019/1152 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, relativa a unhas condicións laborais transparentes e previsibles na Unión Europea DOUE núm. 186, do 11 de xullo de 2019, páx. 105 a 121.

²⁹EUROFOUND. (2020). The Social Implications of Teleworking. <https://www.eurofound.europa.eu/topic/teleworking>

teletraballo³⁰, destacando as do Comité de diálogo social do sector das telecomunicacións. Estas tiñan como obxecto desenvolver unha organización do traballo flexible en todas as empresas europeas do sector, propoñendo a súa adopción voluntaria conforme as lexislacións e prácticas de negociación colectiva de cada país. Nun sentido equivalente, o acordo entre os empresarios do sector do comercio EuroCommerce e o sindicato de traballadores UNI-Europa Commerce, indicando para ese sector que os teletraballadores deben gozar dos mesmos dereitos que outros traballadores asalariados³¹.

Estas negociacións parciais culminan coa subscrición entre os interlocutores sociais europeos do Acordo Marco Europeo sobre Teletraballo (AMET)³², subscrito en Bruxelas o 16 de xullo de 2002, pola vía prevista no art. 138 do Tratado da Unión Europea (TUE). O Acordo contén unha definición expresa do teletraballo ao establecer que é a *“forma de organización e/ou de realización do traballo utilizando as tecnoloxías da información, no marco dun contrato ou dunha relación laboral, na que un traballo, que tamén podería realizarse nos locais do empresario, se executa habitualmente fóra deses locais”*.

³⁰ Véxase a Comunicación da Comisión Modernizar a organización do traballo. Actitude positiva ante o cambio, do 25 de novembro de 1998, COM, (98), 592 onde se intensifica a importancia do teletraballo.

³¹ Acordo asinado en Bruxelas o 26 de marzo 2001. O acordo só afecta aos teletraballadores asalariados do sector e non regula a actividade ocasional de teletraballo. O lugar dende o que se desempeña o teletraballo considéraseo como equivalente a outros lugares de traballo da empresa. Así mesmo, establece as directrices sobre a notificación das condicións reais nas que se desempeña o teletraballo, a protección de datos, a protección da vida privada e a seguridade dos equipos utilizados. En relación ao equipo sinala que a empresa é responsable de todo o equipo necesario, instalación, mantemento e adaptación, así como da formación necesaria para que o teletraballador poida desempeñar as súas funcións. Por último, en canto aos dereitos sindicais dos teletraballadores, o acordo recoñece que deben ser iguais aos doutros asalariados da empresa da que se trate e que poderán participar en toda actividade sindical ou de representación do persoal.

³² <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/É/TXT/?uri=LEGISSUM:c10131>

Tal e como se sinalou³³ *“o Acordo Marco formula unha cuestión interesante ao concibir o teletraballo como unha forma de organización do traballo e non como un status do traballador. (...) Na medida en que o Acordo Marco identifica o teletraballo coa forma de organizar o traballo e non co status do traballador, a opción voluntaria do teletraballo non afecta ao status laboral do traballador, equiparándoo para todos os efectos ao resto de traballadores presenciais e recoñecendo de pleno todos os seus dereitos”*.

En canto á natureza xurídica deste Acordo, é froito da autonomía da vontade dos interlocutores sociais, así, foi subscrito pola Confederación Europea de Sindicatos (CES), a Unión de Confederacións da Industria e de Empresarios de Europa (UNICE) / a Unión Europea do Artesanado e da Pequena e Mediana Empresa (UEAPME) e o Centro Europeo da Empresa Pública (CEEP). Por iso, é de natureza recomendatoria, e constitúe un mero marco xeral³⁴, aínda que en España foi incorporado ao Acordo Interconfederal para a Negociación Colectiva de 2003³⁵, pero esta incorporación non equivale en ningún caso a unha recepción en Dereito Interno. O Acordo Interconfederal ten unicamente carácter orientador sobre os criterios que deben seguirse na negociación colectiva. No posterior terceiro Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva 2015, 2016 e 2017³⁶ (prorrogado neste apartado polo IV Acordo), delimitáronse algúns marcos para a negociación dos convenios colectivos con base no contido do Acordo Marco Europeo, ao recoñecer o *“teletraballo como un medio de modernizar a organización do traballo para facer compatible a flexibilidade para as empresas e a seguridade para os traballadores”*.

³³ BELZUNEGUI, A.; BRUNET, I. y PASTOR, I., “Globalización, Relaciones Laborales y Teletrabajo”, Revista Universitaria de Ciencias del Trabajo, 2004, nº 5, páx. 717.

³⁴ MELLA MÉNDEZ, L., “Comentario general al Acuerdo Marco sobre el Teletrabajo”, Relaciones Laborales. nº 1, 2003, páxs. 177 e ss.

³⁵ BOE do 24 de febreiro de 2003.

³⁶ BOE do 20 de xuño de 2015.

En todo caso, sinalouse³⁷ que “o tempo e a ausencia doutros referentes, permitiron que opere tamén como unha relevante fonte de inspiración para os lexisladores nacionais, incluído o noso”.

Con este contexto internacional na regulación do teletraballo, é necesario profundar no sistema legal español. O inicial artigo 13 do Estatuto dos traballadores de 1980³⁸ regulaba o traballo a domicilio, antecedente evidente do teletraballo, sinalando que “*terá a consideración de contrato de traballo a domicilio aquel en que a prestación da actividade laboral se realice no domicilio do traballador ou no lugar libremente elixido por este e sen vixilancia do empresario*”.

A redacción deste artigo pola Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral³⁹ supuxo unha revolución no propio concepto⁴⁰, dado que o traballo a domicilio pasou a denominarse traballo a distancia, podendo desenvolverse no lugar libremente elixido polo traballador e con obriga de formalización por escrito. De feito, a exposición de motivos da norma establecía de modo explícito que a reforma do artigo 13 ET tiña como obxecto acoller “*o traballo a distancia baseado no uso intensivo das novas tecnoloxías*”, tratando esta singular maneira de prestación da actividade, o teletraballo, que posibilita a súa realización sen entender de barreiras xeográficas tradicionais. A pesar desta prometedora aproximación na exposición de motivos, non se realizou ningunha referencia explícita ao teletraballo no texto normativo. Tal e como se remarcou⁴¹, a nova redacción do artigo 13 do Estatuto, era

³⁷ SANGUINETI RAYMOND, W., “Teletrabajo y tecnologías digitales en la nueva ley de trabajo a distancia”, en *Los nuevos derechos digitales laborales de las personas trabajadoras en España. Vigilancia tecnificada, Teletrabajo, Inteligencia artificial, Big Data*, BAZ RODRÍGUEZ, J.(Dir.), Wolters Kluwer, 2021, páx. 235.

³⁸ Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos traballadores. BOE núm. 64, do 14 de marzo de 1980, páxs. 5799 a 5815.

³⁹ BOE núm. 162, do 7 de xullo de 2012, páxs. 49113 a 49191.

⁴⁰ Un estudo en profundidade en MELLA MÉNDEZ, L., *El teletrabajo en España: aspectos teórico-prácticos de interés*, Wolters Kluwer, 2017, páxs. 19 a 76.

⁴¹ LOUSADA AROCHENA, F. e RON LATAS, R.P., “Una mirada periférica al teletrabajo, el trabajo a domicilio y el trabajo a distancia en el derecho

unha “*regulación de mínimos para deixar campo á autonomía da vontade*”.

O Real decreto lexislativo 2/2015⁴² perfilou minimamente o concepto, pero non houbo un salto regulatorio transcendente ata o derivado da crise provocada pola expansión da Covid-19. Así, o Real decreto-lei 8/2020⁴³ priorizou o traballo a distancia como medida de contención do virus, aínda que sen conceptualizalo.

Xa antes desta crise, a Lei orgánica de protección de datos⁴⁴, artigos 87 a 91, regulara indirectamente o teletraballo, establecendo dereitos básicos para a protección das persoas que traballan a distancia mediante a utilización dos dispositivos dixitais.

O 13 de outubro de 2020, entra en vigor o Real decreto-lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia⁴⁵, coa nova regulación nel contida. En termos definitorios, o seu art. 2.b), establece como concepto de teletraballo “*aquel traballo a distancia que se leva a cabo mediante o uso exclusivo ou prevalente de medios e sistemas informáticos, telemáticos e de telecomunicación*”. Definición que non se modificou na posterior norma de convalidación, a Lei 10/2021, do 9 de xullo, de traballo a distancia⁴⁶. Con acerto sinalouse⁴⁷ que “*coa publicación oficial do Real decreto-lei 28/2020, do 22 de setembro procedíase a romper unha tradición do noso ordenamento laboral que ata a data integrara fisicamente a*

español”, en *Trabajo a distancia y teletrabajo. Estudios sobre su régimen jurídico en el derecho español y comparado*, MELLA MÉNDEZ, L. (edit.), Thomson Reuters Aranzadi, 2015, páx. 42.

⁴² Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015, páxs. 100224 a 100308.

⁴³ Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da Covid-19. BOE nº 73, do 18 de marzo de 2020, páxs. 25853 a 25898.

⁴⁴ Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. BOE nº 294, do 6 de decembro de 2018, páxs. 119788 a 119857.

⁴⁵ BOE nº 253, do 23 de setembro de 2020, páxs. 79929 a 79971.

⁴⁶ BOE nº 164, do 10 de xullo de 2021, páxs. 82540 a 82583

⁴⁷ FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, S. y otros, “Bloque 2: Trabajo a distancia y teletrabajo en la negociación colectiva”, en *Observatorio de la negociación colectiva. Políticas de empleo, trabajo a distancia y derechos digitales*, ALFONDO MELLADO, C.L. e outros (coord.), Cinca, 2022, páx. 264.

regulación do traballo a distancia no marco do Estatuto dos traballadores”.

Mais alá da excepcionalidade derivada da crise da Covid-19, unha das características esenciais do teletraballo, na configuración efectuada pola normativa interna, é a voluntariedade do seu exercicio e a reversibilidade da decisión. Desta forma, o teletraballo ha de ser froito do pacto voluntario entre o empresario e o traballador tanto polo que refire á súa concertación *ab initio* como durante o desenvolvemento da relación, pero sempre antes do comezo do traballo a distancia⁴⁸. O terceiro principio básico, seguindo a regulación da Unión Europea, é a equiparación de dereitos destes traballadores aos propios dos vínculos ordinarios.

3. ESPECIAL REFERENCIA Á TRANSNACIONALIDADE E OS SEUS PROBLEMAS ASOCIADOS

Determinado o concepto, e excluindo as formas de teletraballo derivadas da situación extraordinaria motivada pola irrupción da Covid-19, así como as particularidades do teletraballo derivado dos dereitos de conciliación das persoas traballadoras, o presente estudo vai centrarse no exercicio do teletraballo no ámbito transnacional, ámbito ao que a normativa aludida non dotou dunha regulación propia e diferenciada máis alá das xenéricas previsións do AMET. Así, as normas estudadas non estableceron un concepto propio do teletraballo transnacional, polo que haberá que acudir aos múltiples estudos doutriniais sobre a materia.

O concepto de teletraballo transnacional ou teletraballo *offshore* fai referencia ao fenómeno polo que as empresas poden contar cos servizos retribuídos de persoas cualificadas de calquera parte do mundo sen necesidade de que se despracen ao país onde se atopan as instalacións da empresa. Desta forma, a localización xeográfica do traballador non supón unha distorsión na realización do traballo, e a súa peculiaridade principal é a existencia dun elemento de estranxeiría, que dota o traballo dun réxime específico regulado polo Dereito internacional privado. En

⁴⁸ RODRÍGUEZ ESCANCIANO, S., “O teletraballo e as súas fontes de regulación. Especial consideración á autonomía colectiva”, Revista Galega de Dereito Social, 2ª ET, 11, 2020, páx. 54.

concepto simplificado, sería “o *traballo prestado nun Estado diferente a aquel onde está instalada a empresa matriz*”⁴⁹.

A definición máis aceptada do traballo transnacional pódese concretar en “*modalidade do teletraballo na que, máis aló da prestación de servizos mediante o uso exclusivo ou prevalente das novas tecnoloxías de información e de comunicación, a persoa teletraballadora atópase establecida nun país distinto do da empresa destinataria da prestación*”⁵⁰.

Desta maneira, o concepto de teletraballo transnacional queda enmarcado dentro da noción do traballo a distancia transnacional, que se define como “*aquela relación laboral que transcorre a través de varios Estados, normalmente porque o empregado desenvolve as obrigas propias do seu posto de traballo nun territorio soberano distinto daquel onde se sitúa o seu empresario*”⁵¹. E iso a pesar de pequenos matices que diversos autores efectuaron ⁵².

Aínda que tanto o traballo *offshore* como o teletraballo transfronteirizo son materializacións do teletraballo, entre ambos os conceptos existen perfís levemente diferenciados. O teletraballo *offshore* “*fai referencia á actividade que foi*

⁴⁹ SACO, R. G., “El teletrabajo”. Derecho PUCP: Revista de la Facultad de Derecho, 2006, nº 60, páx. 341.

⁵⁰ MA ZHOU, M., “La problemática del trabajo transnacional y reflexiones Lege Ferenda”, Temas Laborales nº 165, 2022, páx. 186.

⁵¹ CRESPI FERRIOL, M., “Trabajo a distancia transnacional”, en *El trabajo a distancia: con particular análisis del Real Decreto-ley 28/2020, de 22 de septiembre*, PÉREZ DE LOS COBOS ORIHUEL, F e THIBAUT ARANDA, J, La Ley Wolters Kluwer, 2021, páx. 661.

⁵² THILBAULT ARANDA, J., “El teletrabajo. Análisis jurídico-laboral”, Consejo Económico y Social, 2001, páx. 261, asocia o fenómeno do teletraballo transnacional co de teletraballo transfronteirizo ou *offshore*; SELLAS I BENVINGUT, R., *El régimen jurídico del teletrabajo en España*, Editorial Aranzadi, 2001, páx. 114, asimila o teletraballo transnacional co teletraballo *offshore*, ao definilo como “*o desenvolvemento da prestación de traballo nun Estado distinto daquel ao que pertence ou se atopa situado o centro de traballo*”. Fronte á definición DE ANDRÉS GILS, J.J., OLANO OCARÍZ, M. e LETE MURUGARREN, A., “Perspectiva internacional del teletrabajo: nuevas formas de trabajo de la sociedad de la información.”, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, 2001, páx. 30, que identifica o teletraballo transfronteirizo como aquelas situacións onde a parte emisora e a parte receptora están situadas en países que teñen unha fronteira común, mentres que o teletraballo *offshore* refírese á actividade que foi transferida a contornas de traballo con menor custo ou de menor regulación, e que se atopan xeograficamente moi distantes.

*transferida a contornas de traballo con menor custo ou de menor regulación, e que se atopan xeograficamente, moi distantes". En cambio, o teletraballo transfronteirizo "aplícase en situacións onde a parte emisora e a parte receptora están situadas en países que teñen unha fronteira común"*⁵³.

Fóra desta análise vai deixarse o traballo para plataformas dixitais⁵⁴, con características propias non sempre coincidentes coas do teletraballo transnacional.

Tal e como sinalou Sanguinetti ⁵⁵, é un concepto concordante nos seus principais elementos coa noción de eWork acuñada pola Comisión Europea, que o define como todo tipo de traballo realizado fóra da sede da empresa, pero coordinado con esta mediante o emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación para a súa recepción e entrega, con independencia de que sexa realizado por traballadores da empresa ou por persoal subcontratado.

Dentro deste sistema de traballo xorde ademais o fenómeno do nomadismo dixital internacional ou teletraballo internacional móbil, caracterizado polo feito de que a prestación de servizos se realiza de forma itinerante, variando os países dende os que se prestan os servizos por vontade do propio traballador, de maneira que se dilúe o elemento físico do lugar de exercicio laboral.

O sistema de traballo do concepto global do teletraballo transnacional, no que se engloban as demais subvariantes, pode determinar a materialización da ameaza de dúmping social⁵⁶, entendéndoo como as "*prácticas legais que reducen*

⁵³ DE ANDRÉS GILS, J. J; OLANO OCÁRIZ, M. e LETE MURUGARREN, A., "Perspectiva internacional de teletrabajo...", op cit, páx. 30.

⁵⁴ Un estudo en profundidade en OTERO GIL, L., "Plataformas digitales y la dimensión colectiva de la presunta relación laboral", en *El futuro del trabajo: cien años de la OIT*, Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, 2019, páxs. 1371 a 1392.

⁵⁵ SANGUINETTI RAYMOND, W, "El derecho del trabajo frente al desafío de la transnacionalización del empleo: teletrabajo, nuevas tecnologías y dumping social", Revista Valenciana de Economía y Hacienda, nº 13, 2005, páx. 110.

⁵⁶ Para una definición de dúmping social utilizamos a do *Diccionario panhispánico del español jurídico* da Real Academia Española (2023): "Prácticas legais ou administrativas que reducen os niveles de protección dos

*os niveis de protección dos traballadores, producindo un abaratamento dos custos laborais, con vistas a favorecer o investimento estranxeiro e a exportación*⁵⁷. Concepto equiparable ao establecido no glosario da Dirección Xeral de Migración e Asuntos de Interior da Comisión Europea⁵⁸, que o define como *"aquela práctica pola cal os traballadores reciben salarios e/ou condicións de traballo e de vida que son inferiores ás especificadas pola lei ou os convenios colectivos no mercado laboral pertinente, ou que prevalecen alí"*.

Aínda que o teletraballo pode ser unha estratexia de xestión de talento e de atracción de profesionais⁵⁹, non por iso deixa de ser un mecanismo para a consecución de vantaxes competitivas, entre outras, as derivadas do aproveitamento dos diferentes sistemas xurídicos⁶⁰. Iso implica o perigo de que se favoreza a contratación de traballadores en países con menores custos sociais, con recolocación de servizos polas empresas e perda de dereitos polos traballadores. Esta práctica crebaría o equilibrio entre as empresas tradicionais e as que deslocalicen os seus servizos, dando lugar a unha competencia desleal no mercado.

Deste perigo alertou a Comisión de Emprego e Asuntos Sociais da Unión Europea no seu informe de 2016⁶¹, no que sinalaba os múltiples efectos perniciosos desta práctica, tanto no ámbito económico (distorsións no mercado e na competencia), social (discriminacións e diferenzas de trato

traballadores, producindo un correlativo abaratamento dos costes laborais, con vistas a favorecer a inversión estranxeira e a exportación".

⁵⁷ MARTÍN-POZUELO LÓPEZ, A., "La prestación de servicios en varios Estados miembros en los Reglamentos comunitarios de coordinación: la gran olvidada en la lucha contra el dumping social... ¿hasta ahora?", Labos: Revista de Derecho del Trabajo y Protección Social, Vol. 2, nº. 3, 2021, páxs. 99-113

⁵⁸ https://ec.europa.eu/home-affairs/pages/glossary/social-dumping_en

⁵⁹ MIRANDA BOTO, J.M., "La búsqueda de empleo transnacional: cuestiones de actualidad", en *Políticas de empleo*, CABEZA PEREIRO, J; FERNÁNDEZ PROL, F. (Coord), Aranzadi, 2013, páxs. 119 a 136.

⁶⁰ DE JUAN JUAN, A. e CABALLERO SAVORIDO, J.M., "Tendencias estratégicas en la dirección internacional de personas: teletrabajo, brecha salarial, big data y nuevos roles", Respuestas Memento Francis Lefebvre, 2022, páxs. 118-119.

⁶¹ GUILLAUME, B., "Informe sobre el dumping social en la Unión Europea (2015/2255(INI))", Comisión de Empleo y Asuntos Sociales, 2016, páx. 9.

inxustificadas entre diversos traballadores), financeiro e orzamentario (inxustificada minoración en cotizacións e tributacións) e de emprego (ocupación unicamente en países con baixos niveis de cargas sociais). Todo iso pode dar lugar ao que Thibault Aranda definiu como "*un mercado internacional da materia gris en vías de desenvolvemento e un terciario apátrida e nómade que distorsiona a competitividade e o normal funcionamento das empresas no mercado*"⁶².

Este risco de dúmping social limitouse parcialmente no ámbito da Unión Europea, dado que un dos principios fundamentais das políticas da Unión é a cohesión social, o que implica unha aproximación continua e constante dos salarios e da protección en materia de seguridade social que se garante a todos os traballadores, tanto os locais como os desprazados. A pesar diso, persisten na Unión diferencias substanciais nas condicións laborais e salariais, polo que unha converxencia social á alza é clave para a prosperidade e o aumento da demanda interior no conxunto da UE; logrando así os obxectivos do art. 9 do TFUE⁶³.

Pero, o sistema de teletraballo transnacional no ámbito da Unión Europea non deixa de ser unha forma máis de aplicación do principio de libre circulación⁶⁴ e libre prestación de servizos determinados actualmente polos artigos 49 e 56 do TFUE, e en canto a tal exercicio de dereitos, non pode ser limitado inxustificadamente⁶⁵.

É indubidable que se están suscitando problemas derivados do feito de que o lugar de prestación de servizos elixido polo traballador se atope nun país distinto ao do centro de traballo

⁶²THIBAUT ARANDA, J., *El teletrabajo. Análisis jurídico-laboral*, Consejo Económico y Social, 2001, páx. 268.

⁶³GUILLAUME, B., "Informe..." op cit., considerandos D e E.

⁶⁴PAZÓ ARGIBAY, J., "La "libre" circulación de los ciudadanos económicamente inactivos en la Unión Europea. Comentario a la Sentencia del Tribunal de Justicia de 17 de diciembre de 2020, G.M.A, asunto C-710/19", e-Revista internacional de la protección social, Vol 6, núm. 1, páxs. 458 a 462.

⁶⁵ MIRANDA BOTO, J.M., "La libre circulación de trabajadores en la Unión Europea", en *Derecho del trabajo y protección social en la Unión Europea: situación actual y perspectivas de futuro*, ARETA MARTINEZ, M., (Coord.), Dykinson, 2019, páxs. 57 a 70.

de adscrición daquel. Neste escenario de teletraballo con elementos estranxeiros na relación laboral, e ante a ausencia de normas xerais expresamente pensadas para o teletraballo transnacional, a solución actual radica na aplicación de normas xerais, non creadas para o teletraballo pero que hai que proxectar sobre este mentres non exista unha norma especificamente dirixida á súa regulación.

Os problemas específicos que suscita o elemento internacional desta relación laboral son a determinación da lei aplicable ao contrato de traballo, o sistema nacional de seguridade social no que debe incluírse o traballador e o foro competente para dirimir os conflitos que poidan xurdir entre as partes.

3.1. LEI APLICABLE AO CONTRATO DE TRABALLO TRANSNACIONAL

Así, algúns autores¹¹⁵ entenden que estes Regulamentos realizan un tratamento xeral das obrigas contractuais, e dentro destas pódese acoller a prestación que realiza o teletraballador para outra empresa fóra das súas fronteiras. Mentres que outro sector doutrinal¹¹⁶ entende que Roma I non é aplicable aos contratos individuais de traballo, dado que as regras que contempla non se poden estender aos supostos de teletraballo posto que parte do principio de liberdade dos suxeitos para elixir a lei aplicable e en ausencia de elección, remítese ao *lex loci laboris*. Entende este sector que estas regras non son aplicables ás situacións transnacionais propias do teletraballo.

O certo é que os artigos 20-23 do Regulamento Bruxelas I bis establecen criterios de atribución da competencia xudicial internacional para dirimir os litixios internacionais suscitados

¹¹³ ROMERO BURILLO, A. M., "Algunas consideraciones sobre el teletrabajo transfronterizo", en *Descentralización productiva y nuevas formas organizativas del trabajo*, X Congreso Nacional de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, 2000, páxs. 1135 a 1150; SERRANO OLIVARES, R., "Jurisdicción competente y ley aplicable al teletrabajo transnacional", *Relaciones Laborales*, nº 23, 2001, páxs. 105 a 143; SANGUINETI RAYMOND, W., *Teletrabajo y globalización*, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, 2003; MORENO MÁRQUEZ, A., "Ley aplicable...", op cit., páxs. 3 a 42.

¹¹⁴ Regulamento (UE) n.º 1215/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2012, relativo á competencia xudicial, o recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais en materia civil e mercantil, DO L 351 de 20.12.2012.

¹¹⁵ PURCALLA, M.A. y BELZUNEGUI, A., "Marcos jurídicos y experiencias prácticas de teletrabajo", *Aranzadi Social*, 2004, núm. 18, páxs. 49-91.

¹¹⁶ PALAO MORENO, G., "La «nueva» regulación europea en materia de ley aplicable al contrato individual de trabajo: el artículo 8 del Reglamento Roma I", en GOERLICH PESET, J. M.; BLASCO PELLICER, A. (coords.), *Trabajo, contrato y libertad. Estudios jurídicos en memoria de Ignacio Albiol Montesinos*, Universidad de Valencia, Valencia, 2010, páxs. 429 a 440.

en materia de contratos individuais de traballo, co fin de protexer á parte máis débil do contrato e evitar o *forum shopping*¹¹⁷.

As regras de atribución da competencia xudicial destes artigos determinan que no caso de que as persoas traballadoras sexan a parte demandante, o foro rexeráse inicialmente pola submisión tácita (art. 26), logo pola submisión expresa (art. 23) e, na súa ausencia, polas regras xerais (art. 20 a 23).

En canto á submisión tácita, maniféstase pola formulación de demanda ante un foro concreto por parte do traballador, aínda que coa cautela adicional de que o órgano xurisdiccional debe informar ao demandado sobre o seu dereito a impugnar a competencia do Xulgado ou Tribunal.

A submisión expresa deberá estar pactada polas partes, pero para preservar o equilibrio entre estas, a validez do pacto estará condicionada a que sexa posterior ao nacemento do litixio ou, sendo previa, beneficie ao traballador. Nos demais supostos estas cláusulas de submisión expresa non poderán ser alegadas.

En ausencia de submisión, xa sexa tácita ou expresa, ou en caso de nulidade desta última, e sendo o demandante o traballador, por aplicación do principio *favor laboratoris*, poderá presentar demanda ante os órganos xurisdiccionais do Estado no que estea domiciliada a empresa (art. 21.1.a). A este respecto, o art. 20.2 asimila o concepto de domicilio da empresa coa sucursal, axencia ou calquera outro establecemento instalado nun dos Estados membros.

Alternativamente, as persoas traballadoras poderán interpoñer a demanda ante os órganos xurisdiccionais do lugar no que ou dende o cal desempeñen habitualmente o seu traballo ou ante o tribunal do último lugar en que o desempeñaron (art. 21.1.b.i.).

¹¹⁷JUÁREZ PÉREZ, P., "Bad forum shopping y recurso de revisión: "Causa Causae est causa causati" (STS del 25 de noviembre de 2019)", Cuadernos de Derecho Transnacional, 2020, páx. 1055, defíneo como a posibilidade de que existan varios tribunais estatais competentes para coñecer dun mesmo asunto; e subxectivamente, a facultade que iso outorga aos particulares de elixir someter o seu procedemento ao tribunal cuxo sistema lle facilite o acceso ao ordenamento que resulte máis favorable á súa pretensión.

Naqueles casos nos que non existe un único Estado membro no que o traballador desenvolva habitualmente o seu traballo, poderase interpoñer subsidiariamente a demanda ante o órgano xurisdiccional do lugar en que estea ou estivese situado o establecemento que empregase ao traballador (art. 21.1.b.ii.).

Este sistema de fixación do foro parte de facilitar ao traballador, como parte débil do contrato, o acceso á xurisdición, e supón a aplicación do Regulamento Bruxelas I bis aínda que o empresario non teña o seu domicilio nun Estado membro.

No caso de que sexa a empresa a parte demandante límitase o foro ante o que pode demandar os traballadores. Só poderá facelo ante o órgano xurisdiccional do Estado membro no que teñan os traballadores o seu domicilio, salvo que se trate de formular reconvencción, caso no que se interpoñerá ante o órgano xurisdiccional que coñeza da demanda inicial (art. 22). Esta regra implica que, se o traballador non está domiciliado nun Estado membro, o Regulamento Bruxelas I bis non será aplicable en caso de ser demandante o empresario.

O principal problema á hora de adaptar estas regras de atribución de competencia xudicial ao ámbito de teletraballo transnacional é a dificultade na determinación do lugar habitual de traballo a efecto de aplicación do *locus laboris*¹¹⁸. O Tribunal de Xustiza foi precisando con diversas sentenzas a interpretación deste foro. Así na sentenza Mulox¹¹⁹ entendeu que o lugar habitual de traballo é aquel a partir do cal a persoa traballadora cumpre principalmente as súas obrigas respecto da súa empresa. Neste suposto, tívose en conta que o desempeño da misión confiada á persoa traballadora se realizaba dende un despacho situado nun Estado contratante no que o traballador establecera a súa residencia, dende o que desempeñaba as súas actividades e ao que regresaba despois de cada un dos seus desprazamentos profesionais.

¹¹⁸ IRIARTE ÁNGEL, J.L., "La precisión del lugar habitual de trabajo como foro de competencia y punto de conexión en los Reglamentos Europeos", Cuadernos de Derecho Transnacional, 2018, páx. 483.

¹¹⁹ Sentenza do Tribunal de Xustiza do 13 de xullo de 1993, Mulox IBC Ltd contra Hendrick Geels, Asunto C-125/92 (EU:C:1993:306)

Este criterio perfilouse no caso Rutten¹²⁰, reiterando o Tribunal de Xustiza como lugar habitual de traballo aquel no que se produce o cumprimento das obrigas principais coa empresa, e que se asocia co lugar no que a persoa traballadora establece o centro efectivo das súas actividades profesionais. E iso por ser este o lugar onde podía, con menores gastos, acudir aos Tribunais.

Conforme esta xurisprudencia, a atribución de competencia do Regulamento Bruxelas I bis é aplicable aos procedementos derivados da prestación de servizos mediante teletraballo transnacional, criterio que referendaron diversos autores¹²¹, partidarios de atribuír a competencia xudicial internacional aos órganos xurisdicionais do lugar físico no que a persoa teletraballadora presta os seus servizos e cumpre as súas obrigas principais coa empresa¹²².

No caso de que os demandados non estean domiciliados nun Estado membro, a competencia xudicial rexeráse en cada Estado pola súa normativa interna de carácter internacional. No noso ordenamento sería o contemplado no art. 25 LOPX, que sinala a competencia dos tribunais españois en materia de dereitos e obrigas derivados do contrato de traballo cando os servizos se prestasen en España; o contrato se realizase en España; o demandado teña o seu domicilio ou unha axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en España; e cando o traballador e o empresario teñan nacionalidade española, calquera que sexa o lugar de prestación dos servizos, ou de celebración do contrato.

Esta regulación interna é acorde coa novidade, xa sinalada, incorporada no art. 18.2 Regulamento 44/2001/CE, que establece que *"cando un traballador realice un contrato*

¹²⁰ Sentenza do Tribunal de Xustiza (Sala Sexta) do 9 de xaneiro de 1997, Petrus Wilhelmus Rutten contra Cros Medical Ltd., Asunto C-383/95 (EU:C:1997:7).

¹²¹ GIMENO RUIZ, A., "Teletrabajo y Competencia Judicial Internacional", Diario La Ley, nº 9801, 2021, páxs.4-5.

¹²² MARTÍN-POZUELO LÓPEZ, A., "El Real Decreto Ley 28/2020 y el teletrabajo transnacional: ¿algo nuevo bajo el sol?", en RODRÍGUEZ-PIÑERO ROYO, M. e TODOLÍ SIGNES, A. (Coord), *Trabajo a distancia y teletrabajo: análisis del marco normativo vigente*, Thomson Reuters Aranzadi, 2021, pág. 497.

*individual de traballo cun empresario que non tivese o seu domicilio nun Estado membro, pero posúa unha sucursal, axencia ou calquera outro establecemento nun Estado membro, considerarase, para todos os litixios derivados da explotación da sucursal, axencia ou establecemento, que ten o seu domicilio no Estado membro*¹²³.

Á hora de solucionar os problemas da mobilidade internacional da man de obra, as clásicas limitacións das regras do Dereito internacional privado deixan ao traballador realmente desprotexido. Por unha banda, outorgan un papel prioritario á autonomía da vontade na determinación da lexislación aplicable nos conflitos, o que non favorece as condicións de traballo do traballador, dado que na maioría dos casos viranlle impostas polo empregador. Doutra banda, provocan unha gran incerteza debido á disparidade de regras que, en caso de conflito, se aplican nos distintos Estados¹²⁴. Este sistema de atribución de competencia facilita ás empresas a práctica do dúmping social, sinalando como foro territorial competente aquel que presente uns inferiores niveis de protección, polo que a doutrina¹²⁵ veu reclamando que se perfile este criterio en base ao *vero locus laboris*, considerando non o lugar físico de prestación de servizos, senón o lugar onde se satisfai o interese perseguido pola empresa, onde tal interese se materializa na emisión de instrucións sobre a forma de realización dos traballos e onde esa prestación de servizos é aproveitada. Isto supón a aplicación preferente da lei do país onde está situada a empresa, o que ademais resulta máis congruente co fenómeno dos nómades dixitais, que non teñen por que

¹²³ OJEDA AVILÉS, A.; COMPA, L., "Globalización, Class Actions y Derecho del Trabajo", *Relaciones Laborales*, núm. 15-16, 2002, páxs. 17 a 47.

¹²⁴ CARRASCOSA GONZÁLEZ, J.; RODRÍGUEZ PIÑERO ROYO, M., "Contrato internacional de trabajo y Convenio de Roma sobre la ley aplicable a las obligaciones contractuales: impacto en el sistema jurídico español", *Relaciones Laborales*, nº 1, 1996, pág. 1343.

¹²⁵ SELLAS I BENVINGUT, R., "Teletrabajo transnacional y ley aplicable al contrato de trabajo comunitario", *Descentralización productiva y nuevas formas organizativas del trabajo : X Congreso Nacional de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social, Zaragoza, 28 y 29 de mayo de 1999*, 2000, pág. 1133.

permanecer radicados no mesmo país durante toda a prestación de servizos.

Debemos ter en conta que na modalidade de teletraballo interactivo pódese determinar cal é o lugar da prestación habitual dos servizos: onde se realiza e verifica o cumprimento da prestación ou onde o empresario ten a sede da empresa, porque é nela onde se manifesta a actividade desempeñada e porque vai permitir ao empresario recibir o traballo en tempo real con independencia do lugar no que o teletraballador se atope situado. Este *vero locus laboris*, tería un carácter máis protector, ao atender como criterio de competencia ao verdadeiro lugar de traballo, posto que o espazo cibernético constitúe un dato neutro na determinación da competencia xudicial internacional dos litixios sobre contrato de traballo.

Respecto diso, afirmouse que só o teletraballo na modalidade interactiva posibilita o contacto persoal na distancia entre os suxeitos do contrato de traballo, *"podendo operar na rede informática e de telecomunicación a través dun diálogo interactivo en tempo real, do mesmo xeito que se a prestación laboral se executase fisicamente no mesmo centro de traballo, entón cabe considerar a posibilidade de que o verdadeiro lugar de traballo sexa o do lugar onde se atope o ordenador central"* (presenza virtual)¹²⁶. Nestes casos, a existencia de interactividade en tempo real do traballo prestado neutraliza o distanciamento xeográfico do teletraballador, e permite soste que o foro será o do Estado en que está situada a empresa empregadora. É unha forma de entender que a prestación non se desenvolve no lugar onde permanece o teletraballador, senón no lugar en que os froitos dese traballo se manifestan e son aproveitados.

Aínda que esta opción non é unanimemente aceptada pola doutrina¹²⁷, é a que mellor pode acoutar o risco de *forum*

¹²⁶ PUNTRIANO ROSAS, C. A., "El teletrabajo, nociones básicas y breve aproximación al ejercicio de los derechos colectivos de los teletrabajadores", *Ius et veritas*, 2004, nº 29, páx. 163.

¹²⁷ En contra: SANGUINETTI RAYMOND, W, "El derecho del trabajo frente...", op. cit., 2005, páx. 119; CALVO CARAVACA, A.L. y CARRASCOSA GONZÁLEZ, J., *Derecho Internacional Privado. Volumen II.*, 18ª ed., Comares, 2018, páx. 1287.

shopping e dúmping social, dado que anoa o foro aplicable a cuestións máis difíciles de modificar, como son a sede da mercantil, limitando as posibilidades de elección de foro.

No ámbito do teletraballo transnacional, o lugar da prestación física dos servizos non ten transcendencia, e a maior vinculación é co país do establecemento do que o traballador depende funcionalmente ou onde se espera e manifesta o resultado produtivo, polo que, a pesar das distorsións que este foro poida causar, debería ser o aplicable.

3.4. TRIBUTACIÓN

Outro aspecto a ter en conta en relación cos teletraballadores transnacionais é o seu sistema de tributación.

En relación cos traballadores españois que se despracen a outro Estado, a Dirección Xeral de Tributos¹²⁸ veu aplicando o criterio da territorialidade nas consultas que se lle formularon, así, entende que as rendas derivadas dun réxime de teletraballo resultarán ou non gravadas polo IRPF en función do lugar onde se desenvolve o traballo en remoto¹²⁹.

A base xurídica desta decisión susténtase nos Convenios de dobre imposición aplicables a cada caso concreto, e conforme as súas regras determínase a residencia fiscal do contribuínte. Se con base en tales regras se entende que o traballador non ten residencia fiscal en España, as rendas que obteña en España gravaranse mediante o imposto sobre a renda de non residentes. Se pola contra enténdese que a residencia fiscal é en España, tributará neste Estado por toda a renda que obteña.

No sentido contrario, en relación con traballadores estranxeiros que opten por teletraballar en España, e ante a crecente incidencia do fenómeno, a Dirección Xeral de Tributos pronunciouse nos últimos meses en diversas consultas vinculantes.

¹²⁸ Consultas Vinculantes: CV1952-16, do 6 de maio de 2016; CV0906-17, do 11 de abril de 2017; CV2621-20, do 3 de agosto de 2020.

¹²⁹ MORIES JIMÉNEZ, M.T., "El teletrabajo en la imposición sobre la renta de las personas físicas", en *La revolución de las formas de empleo en el Siglo XXI*, AGUILAR DEL CASTILLO, M.C., (Coord.), Ediciones Laborum, 2021, páx. 287.

Así, a consulta vinculante V2223/2022 do 25 de outubro de 2022 dá resposta ao lugar de tributación dun residente en España que teletraballa para unha empresa estranxeira. Neste suposto o consultante é residente fiscal en España, dende onde desenvolve a totalidade da súa actividade profesional en remoto. Ante esta circunstancia, a Dirección Xeral de Tributos conclúe que *"as rendas do traballo dependente derivadas de realizar teletraballo, dende un domicilio privado en España, aínda que os froitos do dito traballo sexan para unha empresa holandesa e sendo o consultante considerado residente fiscal en España, ao exercer o emprego en España, soamente tributarán en España"*.

A posterior consulta vinculante do 17 de xaneiro de 2023, V0057-23 examina o suposto dunha persoa física de nacionalidade española e residente en España, que teletraballa por conta allea para unha empresa con sede en Suíza e sen establecemento en España. No formulado non existen desprazamentos.

Para a resolución da consulta, a Dirección Xeral de Tributos está ao disposto no artigo 15 do Convenio para evitar a dobre imposición en materia de impostos sobre a renda e sobre o patrimonio entre o Estado Español e a Confederación Suíza¹³⁰ e as súas modificacións por Protocolos posteriores. E conclúe novamente que o emprego se exerce exclusivamente en España, sendo irrelevante que os froitos do traballo se perciban por unha empresa suíza, polo que as ditas rendas só tributarán en España como rendementos do traballo.

Na mesma consulta vinculante formulábase o suposto de que o teletraballo se realizase para unha empresa alemá con residencia fiscal en Alemaña. Neste caso, e conforme ao Convenio entre o Reino de España e a República Federal de Alemaña para evitar a dobre imposición e previr a evasión fiscal en materia de impostos sobre a renda e sobre o

¹³⁰ Instrumento de ratificación do Convenio para evitar a dobre imposición en materia de impostos sobre a renda e sobre o patrimonio entre o Estado Español e a Confederación Suíza. BOE nº 53, do 3 de marzo de 1967, páxs. 2912 a 2918.

patrimonio e o seu protocolo¹³¹, a tributación tamén se deberá realizar en exclusiva en España. Así, a consultante ten a consideración de residente fiscal en España, ao obter rendas do traballo derivadas de realizar teletraballo dende un domicilio privado en España.

Outra cuestión é a suxeición a retención a conta do IRPF dos rendementos do traballo satisfeitos pola empresa estranxeira empregadora, debido a que tal obriga implica a existencia dun ente obrigado a reter. O artigo 76 do Regulamento do IRPF¹³², determina que, ao tratarse dunha empresa non residente en territorio español, terá obriga de reter se opera en territorio español por medio dun establecemento permanente ou, no caso de que actúe sen establecemento permanente, unicamente respecto aos rendementos que constitúan gasto deducible para a obtención das rendas (rendas que se deriven de prestacións de servizos, asistencia técnica, obras de instalación ou montaxe derivados de contratos de enxeñería e, en xeral, de actividades ou explotacións económicas realizadas en España sen mediación de establecemento permanente)¹³³.

Como se pode observar nestas consultas vinculantes, emitidas nun moi breve prazo de tempo, estamos ante un tema candente, e cuxas implicacións se multiplican.

¹³¹ Instrumento de Ratificación do Convenio entre o Reino de España e a República Federal de Alemaña para evitar a dobre imposición e previr a evasión fiscal en materia de impostos sobre a renda e sobre o patrimonio e o seu protocolo, feito en Madrid o 3 de febreiro de 2011. BOE nº 181, do 30 de xullo de 2012, páxs. 54477 a 54498.

¹³² Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado por Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro. BOE nº 78, do 31 de marzo de 2007, páxs. 14097 a 14149.

¹³³ <https://sincrogo.com/bloque/actualidade-fiscal-contable/teletraballo-dende-espana-para-empresas-do-estranxeiro-como-hai-que-tributar/>

4. A LEI DE STARTUPS

Neste contexto, a recente Lei de Startups¹³⁴ establece na súa exposición de motivos o seu interese na atracción dos traballadores do traballo a distancia con medios dixitais, traballadores aos que denomina «nómades dixitais». Este interese é o propio obxecto da norma, que pretende crear “*un conxunto de medidas específicas no ámbito fiscal, mercantil, civil e laboral aliñadas cos programas dos países máis avanzados e cos estándares europeos na materia, en particular o recentemente subscrito estándar europeo nación emprendedora (EU startup nation standard).*”

Centrando esta análise nas previsións referidas aos teletraballadores, e as necesidades do sector en materia de retención de traballadores altamente cualificados e de alta produtividade nunha contorna de forte competencia internacional por captar capital e talento estranxeiro, determina unha regulación diferenciada para este colectivo. Preténdese así dotar a estes traballadores dun marco normativo incentivador da súa fixación en territorio nacional, co obxectivo de favorecer o establecemento en España de traballadores a distancia de todo tipo de sectores e empresas. Con esta finalidade de atraer talento e dotar dunha política retributiva adecuada á situación e necesidades deste tipo de empresas, mellórase a fiscalidade das fórmulas retributivas baseadas na entrega de accións ou participacións aos empregados nelas, as denominadas *stock options*. Así, elévase o importe da exención dos 12.000 aos 50.000 euros anuais no caso de entrega de accións ou participacións aos empregados de empresas emerxentes. Adicionalmente, para a parte do rendemento do traballo en especie que exceda da dita contía establécese unha regra especial de imputación temporal, que permite diferir a súa imputación ata un máximo de dez anos a contar dende a entrega das accións ou participacións.

Ademais, co mesmo obxectivo, a norma mellora o acceso ao réxime fiscal especial aplicable ás persoas traballadoras

¹³⁴ Lei 28/2022, do 21 de decembro, de fomento do ecosistema das empresas emerxentes. BOE nº 306, do 22 de decembro de 2022, páxs. 179017 a 179060.

desprazadas a territorio español. En particular, diminúese o número de períodos impositivos anteriores ao desprazamento a territorio español durante os cales o contribuínte non pode ser residente fiscal en España, que pasa de dez a cinco anos, co que se fai máis sinxelo o acceso a este réxime. Outra especialidade desta norma é que estende o ámbito subxectivo de aplicación do réxime aos traballadores por conta allea, ao permitir a súa aplicación a traballadores que se despracen a territorio español para traballar a distancia utilizando exclusivamente medios e sistemas informáticos, telemáticos e de telecomunicación.

Autoriza ademais a opción pola tributación polo imposto sobre a renda de non residentes, posibilidade que se ofrece aos fillos do contribuínte menores de vinte e cinco anos (ou calquera que sexa a súa idade en caso de discapacidade) e ao seu cónxuxe ou, no suposto de inexistencia de vínculo matrimonial, o proxenitor dos fillos, sempre que cumpran unhas determinadas condicións.

Respecto do talento estranxeiro, como complemento ás medidas fiscais anteriormente recollidas, a disposición final quinta incorpora un conxunto de medidas migratorias para facilitar a entrada e residencia non só aos profesionais altamente cualificados senón tamén ao emprendemento e o investimento.

4.1. VISADOS

Tal e como reconece a exposición de motivos da Lei de Startups, os traballadores das empresas emerxentes poden realizar o seu traballo de maneira remota, sempre que dispoñan dun equipo informático e unha conexión a internet de calidade. Este sistema de traballo deu lugar ao xurdimento dun novo estilo de vida denominado nomadismo dixital, no cal os nómades dixitais teñen empregos que lles permiten traballar en remoto e cambiar de residencia frecuentemente, compatibilizando o traballo de alta cualificación co turismo inmersivo no país de residencia.

Para regular a residencia deste perfil de profesionais itinerantes e doutros moitos que poidan elixir España como un lugar de teletraballo máis estable, créase unha nova

categoría de visado e de autorización de residencia, o visado para o teletraballo de carácter internacional.

Este visado permite entrar e residir en España durante un máximo dun ano mentres que os seus titulares traballan para si mesmos ou para empregadores en calquera lugar do mundo. Ademais, a autorización de residencia para o teletraballo internacional permite aos estranxeiros que xa se achan de forma regular en España, e aos que sendo titulares dun visado de teletraballo vaian esgotar o dito ano de residencia e queiran continuar en España, solicitar unha autorización por un período máximo de tres anos, renovable por un período de dous anos, podendo obter a residencia permanente aos cinco anos.

Desta forma, este suposto engádese aos xa previstos na Lei 14/2013, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización¹³⁵, para facilitar a inmigración de interese económico para España, e réxese por ela para beneficiarse de todas as vantaxes que outorga a citada lei, pero coas ampliacións de vixencia das autorizacións de residencia contempladas na Lei de Startups.

Esta é a denominada na Lei, visa nómade dixital de España, cuxo obxectivo confeso é atraer talento internacional. O requisito principal é que quen a solicite debe ser estranxeiro que traballe a distancia, por conta propia, ou ser empregado dunha empresa non española que opere fóra de España. Ademais, debe traballar polo menos un ano en remoto, e non ter residido en España no últimos cinco anos, entre outros requisitos. O visado ten como obxectivo atraer os interesados ao noso país e potenciar o desenvolvemento tecnolóxico en España e, por tanto, o aumento da competitividade do país. Evidentemente, este visado non é de aplicación aos cidadáns da Unión Europea nin aos estranxeiros aos que lles sexa de aplicación o dereito da Unión Europea por ser beneficiarios dos dereitos de libre circulación e residencia.

En canto á caracterización de que se consideran profesionais altamente cualificados, os artigos 71 e 72 determinan que

¹³⁵ Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización. BOE nº 233, do 28 de setembro de 2013, páxs. 78787 a 78882.

son certos profesionais directivos ou altamente cualificados, así como graduados e posgraduados de universidades e escolas de negocios de recoñecido prestixio. A estes colectivos súmanselles o persoal investigador, científico e técnico e o persoal contratado por universidades, centros de educación superior ou investigación ou escolas de negocios.

5. CONCLUSIÓNS

O teletraballo é un instrumento útil para levar a cabo a modernización da organización do traballo, ao facilitar a conciliación e proporcionar aos traballadores unha maior autonomía e flexibilidade, pero para a súa implantación en ámbitos transnacionais requírese unha regulación xurídica clara e predeterminada.

No seo da Unión Europea requiriríase unha Directiva que contemplase o sistema de teletraballo, da mesma forma que existe unha regulación de mínimos no caso dos traballadores desprazados, ou outra que establece os procedementos de información e consulta de traballadores ou o establecemento dun Comité de empresa europeo.

Unha normativa comunitaria integral das manifestacións do traballo a distancia telemático eludiría os problemas existentes na actualidade, problemas que no relativo ao sistema de teletraballo transnacional non foron plenamente liquidados a pesar da modificación do Convenio de Roma.

A regulación mediante unha Directiva establecería un marco común para que os Estados membros determinasen nas súas lexislacións as condicións de traballo que os empresarios da Unión Europea deben garantir aos teletraballadores transnacionais, o núcleo de normas vinculantes de protección mínima salarial e de traballo e emprego no país de recepción da prestación de servizos. Así, as materias de obrigado cumprimento serían todas aquelas incluídas no concepto de orde pública laboral: tempo máximo de traballo e mínimo de descanso; período de vacacións anuais retribuídas; salario mínimo; condicións de seguridade e saúde laborais; dereitos básicos, en particular o dereito á igualdade de trato e á non discriminación; dereitos colectivos como a liberdade de sindicación e o dereito de folga.

Do réxime legal actual, co seu evidente risco de dúmping social asociado, derívase a necesidade de determinar a lexislación aplicable conforme o lugar de destino “virtual” ou “telemático” da prestación (*locus laboris* virtual). Garantírase desta forma a liberdade de prestación de servizos, pero limitando os riscos de alteración da competitividade. Tomaríase en conta a lei do país de destino da prestación realizada polo teletraballador, de forma que os teletraballadores transnacionais terían os mesmos dereitos que os teletraballadores internos ao servizo da mesma empresa.

Esta reformulación pode ter como punto de partida o AMET, como conxunto de liñas básicas reguladoras do teletraballo, e con esta orixe, regular mediante un instrumento de obrigado cumprimento o contido mínimo aplicable e esixible en todos os Estados membros da Unión Europea. Así as relacións laborais deste sector terían unha base uniforme, a partir da cal e mediante a correspondente transposición, cada Estado membro podería adaptar tal norma ao seu contexto interno.

Evidentemente, estas conclusións non son novas, e diversos autores¹³⁶ xa sinalaron que ante o risco que supón o dúmping social “*non bastan os dereitos internos de vocación natural ad intra. Os retos da globalización dos modelos de produción esixen un enfoque internacional*”¹³⁷.

Esta normativa comunitaria respondería aos retos da globalización, ao xerar mediante a universalización duns

¹³⁶ BAYLOS GRAU, A., “Sobre el trabajo decente: la formación del concepto”, en MONEREO PÉREZ, J.L. e MÁRQUEZ PRIETO, A. (dirs.), *La política y el derecho del empleo en la nueva sociedad del trabajo*, 2016, páx. 300; SERRANO GARCÍA, J. M., “La negociación colectiva europea y los acuerdos «libres»: la vinculabilidad del Acuerdo europeo sobre el Teletrabajo”, en BAYLOS GRAU, A., *La dimensión europea y transnacional de la autonomía colectiva*, Bomarzo, Albacete, 2003, páx. 102; THIBAUT ARANDA, J., “Teletrabajo forzado a domicilio”, *Actualidad Laboral*, nº 3, 2006, páx. 392; SANGUINETI RAYMOND, W., “La difícil problemática social y jurídica del teletrabajo transnacional”, *Trabajo y Derecho*, nº 98, febrero 2023, La Ley, páx. 6.

¹³⁷ FERNÁNDEZ PROL, F.; FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, S., “Trabajadores inmersos en procesos de subcontratación transnacional: ¿qué protección desde el plano internacional?”, *Boletín Mexicano de derecho comparado*, 2020, Vol.1 (156), páx. 1385.

dereitos laborais básicos no seo da Unión Europea un ámbito de traballo decente, cumprindo desta forma cun dos obxectivos da Axenda 2030 para un Desenvolvemento Sostible. Esta proposta non supón, en absoluto, descoñecer os evidentes problemas de aplicación práctica que esta eventual nova Directiva implicaría, dado que para a súa correcta aplicación sería imprescindible unha colaboración plena tanto a nivel administrativo como xudicial entre Estados membros.

O actual instrumento normativo de regulación do teletraballo no seo da Unión Europea, o AMET, é un acordo adoptado polos interlocutores sociais no exercicio da autonomía colectiva, e a súa aplicación remítese á negociación colectiva de cada país membro. Por tanto, a súa eficacia non pasa pola súa incorporación a unha Directiva comunitaria senón que, ao tratarse dun “acordo libre”, serán os sindicatos e organizacións empresariais pertencentes ás organizacións europeas signatarias do Acordo os que incorporen voluntariamente nos seus convenios colectivos os principios e directrices estipulados. Non é suficiente, é necesaria unha regulación nunha fonte de produción normativa de eficacia directa.

É imprescindible, de acordo co principio de neutralidade ou irrelevancia do país de residencia persoal, manter os dereitos do lugar do centro de gozo dos froitos do traballo producido polo teletraballador, co obxectivo de que non se produza unha procura de traballadores en países con menores dereitos sociais como forma de redución de custos.

Ademais, este novo instrumento normativo debería unificar a terminoloxía en materia de determinación de lexislación aplicable, foro e sistema de seguridade social, coordinando as regras de conflito nunha única Directiva. Decaería así a actual distinción en canto ao *loci laboris* como “lugar ou país no que, ou dende o cal, o traballador desempeña habitualmente o seu traballo” ou “lugar de exercicio dunha actividade”, coas dúbidas interpretativas que estas distincións provocan.